



ASETEM

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio



EMPRESA

Amplíase o prazo para usar os Bonos Activa Comercio ata outubro P6

COMARCA

Augas de Galicia subvenciona catro proxectos na comarca P14

LECER

As xornadas de limpeza do Río Furelos deste anos xa teñen data P19

ENTREVISTA



Margarita Vilariño, Sakho P23

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XVI - Nº 186. Agosto 2021. Distribución gratuíta

A III edición do Mercamelide no Camiño celebrarase os días 13, 14 e 15 de agosto

A Asociación de Empresarios da Terra de Melide, en colaboración co Concello da vila, celebrará os vindeiros 13, 14, e 15 de agosto a terceira edición da feira de oportunidades, Mercamelide no Camiño, na céntrica praza do Cantón de San Roque. Este é un dos eventos máis sinalados no calendario de actividades da entidade no que este ano participarán 14 comercios locais. Ademais, o Mercamelide contará con actuacións musicais que completarán a xornada. P3



Diva Pro cumpre catro anos dende a súa apertura



O centro de beleza Diva Pro celebra o seu cuarto aniversario cunha clientela fiel que premia a profesionalidade da súa responsable, Emma Sanmartín. P8

Casa Santos recibe a visita do cociñeiro José Andrés



O establecemento de alimentación recibe a visita do famoso cociñeiro José Andrés, atraído pola calidade dos produtos que vende Casa Santos. P9

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

31 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

www.asetem.com - Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Substantivos en perigo de extinción

A última polémica na política local melidense en relación cunha proposta de proxecto da anterior alcaldesa, Dalia Couso, presentado e aprobado pola Xunta Directiva do GDR Ulla Tambre Mandeo (poden atopar a noticia sobre estes feitos no interior deste xornal) debería facernos reflexionar unha vez máis como sociedade.

Primeiramente, destacar que calquera persoa ten dereito a ser beneficiaria dunha axuda, sempre e cando cumpra os requisitos establecidos. Porén, parece canto menos pouco neutral, que os cargos de presidente, vicepresidente, tesoureiro e secretaria da Xunta Directiva do GRD (entidade pública) que son alcaldes ou voceiros do Partido Popular voten a favor da proposta de proxecto persoal dunha compañeira de equipo. Pola outra banda, non parece demasiado ético tampouco que a representante de máis de dous mil veciños e veciñas melidenses presente unha proposta particular de negocio nunha entidade na que ten voz e voto.

Fai anos, ASETEM - CCA



Viñeta dun dos cómics de Mafalda. / Foto: Cerne

presentou no GDR unha proposta de proxecto para adquirir unha partida económica que puidera sufragar algúns dos gastos que ten realizar este xornal para que chegue de xeito gratuito á cidadanía. Un medio comunicación comarcal, que pode gustar máis ou menos, pero cunha función social, manter informada á poboación sobre o que pasa na Terra de Melide. O proxecto non obtivo os votos a favor necesarios para saír adiante. Unha iniciativa que nos beneficia de xeito colectivo, como sociedade porque unha poboación informada é menos manipulable, porén, parece que

isto non foi suficiente para o GDR.

Cada persoa é libre de establecer os principios que queira para camiñar polo sendeiro da vida. Non obstante, como sociedade estémonos acostumando a ver como “normal” comportamentos pouco éticos (que non ilegais) da clase política porque sempre haberá quen diga que “ti se estiveras no seu sitio farías o mesmo”. Se iso é así, o que demostra é que como sociedade temos un problema grave, estamos construíndo un sistema no que a responsabilidade social, a empatía e a solidariedade son substantivos en perigo de extinción.

Tribuna de opinión

Os novos modelos de urbanismo

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



Unha praza da cidade de Pontevedra, referencia en urbanismo. /Foto: C.P

Que os modelos de urbanismo das vilas e cidades están mudando é unha realidade. Dende fai un tempo, empezamos a escoitar termos descoñecidos como urbanismo “con perspectiva de xénero” ou “inclusivo e participativo”, conceptos que intentan construír un espazo urbano para toda a cidadanía, e do que esta forme parte.

Estes modelos reflexan as novas necesidades e prioridades da sociedade actual. Hoxe en día, é máis despois do confinamento, valoramos ter un espazo ao aire libre con zonas verdes onde poder descansar ou

facer deporte. Por outra banda, comprendemos que as persoas en cadeira de rodas tiñan a rúa chea de obstáculos, que lle impedirían desenvolver a súa vida con normalidade. A rúa é de todas e todos, independentemente das nosas capacidades. Logo está a perspectiva de xénero, precisamos vilas nas que as mulleres se sintan libres tamén pola noite, polo que a iluminación xoga un papel fundamental para que así sexa. Por último, e non menos importante, o urbanismo ten que ir da man do sostible e o respecto ao entorno.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta

COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Lorena Vidal

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981 506 188 **E-mail:** info@asetem.com

COLABORACIÓN: Vanesa de Quinzán,

Ana Mato, Cristina Fernández, CEIP Arcediago e IES de Melide

AGRADECIMENTOS: Pilar López,

Imprenta Meligraf

IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.

DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores



ASOCIACIÓN DE
MEDIOS EN GALEGO

ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- MELIDE.....12
- COMARCA.....14
- CULTURA E LECER18
- COLABORACIÓN.....22
- ENTREVISTA.....23

A III edición do Mercamelide no Camiño celebrárase os días 13, 14 e 15 de agosto



Membros de ASETEM - CCA e o concelleiro de Promoción Económica, Xosé Igrexas, na presentación. / Foto: Cerne

A Asociación de Empresarios da Terra de Melide, en colaboración co Concello da vila, celebrará os vindeiros 13, 14, e 15 de agosto a terceira edición da feira de oportunidades, Mercamelide no Camiño, na céntrica

praça do Cantón de San Roque. Este é un dos eventos máis sinalados no calendario de actividades da entidade no que este ano participarán 14 comercios locais: Mercería Marvi, Calzados Broz, M&M Moda,

Colorín Colorado, Electro-san, Mis Mejores Labores, Sakho, Noguerol Cociña e Baño, Pequeniños Zapatería Infantil, El Dándolo, Seguros Santa Lucía, Modas Alfonso, Stardemoda e Tu Boutik.


Unha feira de oportunidades con produtos e artigos de todo tipo, dende téxtil, lencería, calzado, electrodomésticos, seguros, utensilios de cociña e baño. Unha actividade con grandes resultados en canto a participación e vendas nos anos anteriores que nesta edición contará con actividades musicais paralelas para complementar.

O horario do Mercamelide no Camiño será: o venres de 18:00 a 22:00 horas, sábado de 11:00 a 14:00 horas e de 18:00 a 22:00 horas, e o domingo de 11:00 a 14:00 horas. Como novidade, este ano os comercios estarán todos agrupados debaixo dunha carpa.

A feira de oportunidades conta con tres obxectivos principais: o primeiro, axudarlle aos establecementos da vila a vender aqueles produtos que ao longo da campaña non conseguiron facelo, dada a redución do consumo que está a supoñer a crise sanitaria. En se-

gundo lugar, esta actividade permite impulsar e promover as compras nos comercios de proximidade durante tres xornadas nas que Melide acolle a multitude de visitantes e turistas. Por último, esta feira tal e como xa se adiantou, celebrárase no Cantón de San Roque, punto estratégico do municipio polo que pasa o Camiño de Santiago,

o que permitirá aproveitar o fluxo de peregrinos así como darlle visibilidade á vila. A xerente de ASETEM - CCA afirma que esta acción é "unha boa ocasión para impulsar as compras nos comercios melidenses nun momento tan complexo como o actual". Ademais, sortearanse dous vales de compra de 60 euros nun concurso a través das redes sociais, simplemente tes que subir unha foto e etiquetar a ASETEM e Tania Veiras nunha foto no Mercamelide, seguir as dúas contas e participarás no sorteo dos vales.



PERITOS MELIDE

Javier López López - ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA - Colexiado 1049
peritosmelide.blogspot.com.es

- Medición de terreos
- Partición de herdanzas (partixas)
- Fotos antigas do Catastro
- Catastro
- Informes periciais e valoracións
- Concentración parcelaria
- Segregacións e agrupacións
- Proxectos agrícolas
- Legalización de pozos e traídas de auga
- Imposto de sucesións
- Informes de validación gráfica alternativa


Tfno. / Fax: 981 50 54 82 - Móbil 639 82 00 24 - E-mail: peritosmelide@gmail.com
Rúa Xosé Ramón Fdz. Castro, 14 - 15.800 MELIDE (A Coruña)

LIMPIEZA Y DESINFECCIÓN AMBIENTAL CONTRA EL CORONAVIRUS

Debido a la declaración del brote de coronavirus como pandemia global por parte de la Organización Mundial de la Salud, desde PLAGOSTEL queremos ayudarle a mantener las dependencias de sus instalaciones libres del virus COVID-19

Plagostel
N.R.S. [0177-GAL-SPO]
calidad e higiene alimentaria

Contacte con nosotros, podemos ayudarle
986118714 – 698179968
pedidos@plagostel.com



ASETEM prepara a nova campaña 'Melide Comercio Saudable'



A xerente de ASETEM - CCA traballando na campaña. / Foto: Cerne

A asociación de empresarios da Terra de Melide está a traballar de cheo na preparación e deseño da nova campaña, 'Melide Comercio Saudable' que sairá á luz no mes de setembro.

Unha iniciativa dirixida a beneficiar e incorporar nas actividades da asociación a un numeroso grupo de asociados e asociadas que habitualmente, por mor da tipoloxía de negocio, non

poden beneficiarse doutras campañas que se desenvolven ao longo do ano, xa que van dirixidas aos comercios de proximidade. Polo tanto, ASETEM - CCA quere que en 'Melide Comercio Saudable' os establecementos sociosanitarios como dentistas, logopedas, ópticas, centros auditivos, ortopedias ou mesmo nutricionistas teñan un papel fundamental. Esta cam-

paña xorde da suxestión dunha socia por implicar a todos os sectores do tecido empresarial en accións da entidade.

Coa actividade 'Melide Comercio Saudable' repartiranse varios de compra ou bonos de desconto entre os establecementos sociosanitarios que se anotarán á campaña para gastar nos comercios asociados que participen. Unha maneira de impulsar e premiar a clientela destes centros e, ao mesmo tempo, repercutir positivamente no comercio local do municipio. Unha campaña que mestura dúas partes fundamentais do eido empresarial melidense e permitirá beneficiarse mutuamente.

Ademais, esta iniciativa terá unha segunda rama: un ciclo de xornadas formativas para a poboación de temas de interese xeral relacionados coa saúde. As datas e os poñentes destas sesións aínda non están pechados pero serán polo mes de setembro no Salón de Actos de ASETEM - CCA.

O tecido empresarial volve impulsar nos medios os domingos abertos



Imaxe da campaña de promoción dos domingos abertos. / Foto: Cerne

ASETEM - CCA promove, unha vez máis, unha campaña de promoción e visibilidade dos domingos abertos de Melide nos medios de comunicación comarcais.

O obxectivo desta iniciativa é dar a coñecer a peculiaridade do comercio local da vila que abre todos os domingos en horario de mañá para que turistas e veciñanza de concellos limi-

trofes de acheguen ao municipio para facer as súas compras.

O domingo, tradicionalmente, sempre foi unha xornada de grandes vendas para os comerciantes melidenses, polo que "seguir a apoiar e axudar a fortalecer os domingos como día idóneo para mercar no comercio de proximidade é algo imprescindible", apuntan dende ASETEM - CCA.

ELECTROSAN

ESPERÁMOSVOS NO MERCAMELIDE DO CAMIÑO!! FACEMOS SOFÁS A MEDIDA

C/ Martagona, 13 · MELIDE (981 50 79 64) - electrosanmelide@gmail.com  [Electrosan](#)



O proxecto EMEGA busca apoiar o emprego feminino en Galicia



Presentación do programa EMEGA 2021. / Foto: Xunta de Galicia

O proxecto EMEGA da Xunta de Galicia comprende un conxunto de axudas dirixidas a apoiar a posta en marcha, a mellora e a reactivación de iniciativas empresariais constituídas por mulleres, xunto con medidas complementarias para favorecer a con-

ciliación da vida persoal, familiar e laboral, así como o acceso a servizos específicos de información, asesoramento e orientación empresarial co obxecto de facilitar a implantación e consolidación dos proxectos empresariais promovidos por mulleres.

As beneficiarias son empresas privadas, constituídas por mulleres, que inicien a súa actividade ou formalicen os seus plans Innova ou Activa, entre o 1 de agosto de 2020 e o deza-seis do mesmo mes do 2021; microempresas ou pequenas empresas calquera que sexa a súa forma xurídica, cando a administración da empresa sexa exercida por mulleres e o capital social estea maioritariamente subscrito por mulleres (en pequenas empresas) e integramente subscrito por mulleres (microempresas). Todas as promotoras deben estar dadas de alta na Seguridade Social, vinculadas laboralmente á empresa e desenvolvendo a súa actividade de forma habitual.

O programa EMEGA contén catro liñas de axuda: emprende, activa, ITEF e concilia. No eido emprende, son axudas económicas mediante incentivos para promover a posta en marcha de novas iniciativas

empresariais e a creación de emprego feminino estable por conta propia e allea. Unha liña dirixido a empresas de nova creación, que inicien a súa actividade entre agosto do ano pasado e deste. Entre outros requisitos, ten que supor a creación dos postos de traballo de todas as promotoras; desempregadas durante un período mínimo dun mes anterior á data de inicio da actividade. No caso de empresas construídas por máis dunha promotora, a condición de desempregada debe cumprirse polo 50% das promotoras, como mínimo. A contía para esta liña é de entre 10.000 e 22.000 euros, segundo o número de postos de traballo para mulleres que se creen.

O segundo é o activa, son axudas para favorecer a reactivación, a consolidación de empresas constituídas por mulleres (creadas con anterioridade ao 1 de agosto, ou a implantación de medidas innovadoras para a mellora da competitividade, a través de medidas de renovación, cambio de localización, implanta-

ción ou ampliación de actividades dirixidas a paliar unha situación económica adversa, e que resulten necesarias para o mantemento do emprego por conta allea, así como para acadar o necesario equilibrio empresarial e asegurar a súa supervivencia, consolidación e mellora no actual contexto económico, agravado pola situación da pandemia.

A liña ITEF está dirixida a creación dun proxecto empresarial innovador no eido da investigación e da tecnoloxía, que inicien a actividade nas datas sinaladas anteriormente. A promotora ou unha delas se son varias, como mínimo, deberá ter titulación universitaria relacionada co ámbito da ciencia, do coñecemento ou da tecnoloxía, e o proxecto deberá supor a creación de postos de traballo de todas as promotoras. A contía variará entre 18.000 e 42.000 euros.

Por último, o eido concilia, axudas complementarias con dúas modalidades, unha para a promotora e outra para as persoas traballadoras.

A Xunta busca aumentar a contratación indefinida

O goberno galego busca consolidar e aumentar a contratación indefinida co programa de axuda a persoas autónomas.

As persoas beneficiarias serán autónomos, pola primeira, segunda e terceira contratación indefinida. Iso si, as persoas contratadas deben ser desempregadas. Non serán beneficiarias as sociedades civís nin as comunidades de bens.

As contías destas axudas depende da contratación indefinida. Se é a primeira contratación indefinida será entre 4.000 e 16.250€, segundo o colectivo ao que pertenza o traballador ou traballadora contratada. No caso da segunda e terceira

persoa indefinida a contía variará entre 6.500 e 22.500€, dependendo tamén do colectivo do traballador ou traballadora contratada.

A obriga máis destacada deste bono de contratación indefinida é manter á persoa contratada no cadro de persoal por un mínimo de dous anos. No que respecta ás datas de solicitude hai dous prazos dependendo das datas de contratación das persoas traballadoras.

Ademais, nesta liña de axudas está recollido o bono formación, dirixido ás persoas contratadas. Cada traballador ou traballadora pode beneficiarse de ata 4.000€.

Aberto o prazo para solicitar as axudas de promoción dos autónomos



Un emprendedor e autónomo na súa oficina. / Foto de arquivo

A Xunta de Galicia abre o prazo para solicitar as axudas de promoción do emprego autónomo.

As persoas beneficiaria desta liña de subvencións son as persoas desempregadas e inscritas como de-

mandantes de emprego, que se dean de alta na RETA, como persoa física ou como membro de sociedade civil ou comunidade de bens, e iniciasen a actividade entre o 1 de outubro de 2020 e o 30 de setembro

deste ano.

A contía da axuda varia, xa que pode ser de 2.000€ para desempregados en xeral; ou de 4.000€, no caso de menores de 30 anos, parados de longa duración, persoas con diferentes capacidades ou persoas en situación ou risco de exclusión social. Estas contías base incrementaranse nun 25% cando a persoa incorporada sexa: muller, persoa maior de 45 anos, emigrante retornada, persoa trans, inicia a actividade nun municipio rural, ou en profesións e oficios nos que a muller estea pouco representada. O prazo de solicitude é ata o 30 de setembro.

Amplíase tres meses o prazo para usar os Bonos Activa Comercio

Comercios adheridos:

- Calzados Broz
- Informática Melide
- Moda Infantil Sueños
- Óptica Melide
- Grupo Noguero
- Mis Mejores Labores
- Diva Pro
- Muxica Tenda Xoven
- Perfumería Lyss
- Mobles Ares
- Óptica Alain Affelou
- Salacadula Shop
- Toysmaniac
- Meixela
- Sakho
- Pasarela
- Sport Moda
- Electricidade Vilela
- Pequeniños Zapatería Infantil
- Floristería Maru
- Parafarmacia Ulloa
- Xoiería Silvela
- M&M Moda
- Óptica Tábor
- Mercería Isabel
- Xoiería Oro Ley
- Floristería Tarrío
- Modas Dándolo
- Laia Zapateiros
- Xoiería Roval
- Leiva Motosport

Canxeable ata o 30 de agosto

Imaxe promocional dos bonos activa. / Foto: Cerne

A Xunta de Galicia amplía o prazo para solicitar e canxear o Bono Activa Comercio ata o vindeiro 31 de outubro.

Nun primeiro momento estaba previsto que o pasado 3 de agosto finalizara a iniciativa de descontos promovida polo goberno autonómico pero ante o éxito de participación na campaña por parte da cidadanía decidiuse ampliálo.

Outra razón máis foron varios os establecementos que xa adquiriran o seu máximo de bonos permitido.

As persoas interesadas en adquirir os Bonos Activa comercio poden facelo na páxina web: www.bonosactivacomercio.gal. Con estes vales virtuais os usuarios dos comercios locais poderán ter ata trinta euros de desconto. As compras de máis de 30 euros terán

unha rebaixa de 5 e as superiores a 50 euros un desconto de 10.

Os establecementos locais do municipio asociados a ASETEM - CCA nos que se pode usar o Bono Activa Comercio son: Salacadula Shop, Calzados Broz, Moda Infantil Sueños, Informática Melide, Mobles Ares, Óptica Tábor, Mercería Isabel, M&M Moda, Sakho, Meixela, Pasarela, Toysmaniac, Mis Mejores Labores, Perfumería Lyss, Sport Moda, Diva Pro, Xoiería Silvela, Floristería Maru, Electricidade Vilela, Grupo Noguero, Óptica Melide, Muxica Tenda Xoven, Parafarmacia Ulloa, Leiva Motosport, Xoiería Roval, El Dándolo, Floristería Tarrío, Pequeniños Zapatería Infantil, Xoiería Oro Ley, Laia Zapateiros e Óptica Alain Affelou.

Unha oportunidade de descubrir que no comercio de proximidade tes todo o que precisas con vantaxes como estes descontos e unha atención personalizada e de confianza.

Laia Zapateiros participa na Feira de Artesanía Mostrat 2021 na Coruña



O posto de Laia Zapateiros na Feira de Artesanía. / Foto: Laia Zapateiros

Laia Zapateiros, negocio asociado a ASETEM - CCA, participa este mes de agosto na Feira de Artesanía Mostrat 2021 na cidade herculina nos xardíns de Méndez Núñez.

Os artesáns melidenses serán un dos setenta e tres talleres que participan nesta trinta e sete edición da feira coruñesa. Esta mostra de artesanía é toda unha referencia a nivel au-

tonómico e tamén estatal, polo que a participación de Laia Zapateiros nela é unha mostra da gran calidade do traballo que desenvolven neste obradoiro da vila.

Laia Zapateiros estarán na Feira de Artesanía Mostrat ata o vindeiro sábado vinte e un de agosto, en horario de once a dúas pola mañá e de cinco e media a dez pola tarde, nos xardíns de Méndez Núñez.

A tradicional campaña 'Volta ao Cole' de ASETEM volve en setembro



Cartel da edición pasada da campaña 'Volta ao Cole'. / Foto de arquivo

A campaña 'Volta ao Cole' de ASETEM - CCA repite un ano máis coa intención de axudar ás familias cos gastos que implica o comezo do curso escolar e

promover estas compras nos comercios locais asociados. Para logralo, a asociación entregará vales de compra de seis euros, en familias cun ou dous fillos, e

de dez euros, en familias numerosas; sempre e cando as mesmas se acheguen ás oficinas de ASETEM con tickets cun importe total de 60 euros nun ou en diferentes establecementos, nos que figuren gastos relacionados coa volta ao cole (roupa, calzado, libros, material escolar, ...).

Ademais, a asociación de empresarios melidense está pendente da evolución da situación epidemiolóxica para valorar se facer unha festa infantil, á que se poderá entrar cos mesmos tickets cos que se reciben os vales de compra adquiridos en ASETEM.



- Impresión Offset
- Impresión Digital
- Acabados

Teléfono/ Fax: 981 50 62 56
Rúa Galicia, 26 - 15800 MELIDE
(A Coruña)

centro auditivo



solicita tu **REVISION GRATUITA**



ÓPTICAstábora

REXCE
AUDIOPRÓTESIS
E. 15-001241

REXCE
ÓPTICA
E. 15-001238

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

DIVA PRO CUMPRE CATRO ANOS

En canto chegamos ao establecemento de Diva Pro sabemos que imos estar nas mellores mans, e nunca mellor dito. Emma Sanmartín, a responsable, ensinanos o seu lugar de traballo onde practica a súa paixón a diario, facer a manicura e pedicura á súa clientela, unha clientela que para Emma, en moitos casos, son como familia porque despois de tanto tempo acábanse compartindo as alegrías e os problemas. Para ser unha boa emprendedora hai que desbordar ganas e ilusión, dous compoñentes que sobresaen en Diva Pro.

EMMA SANMARTÍN

Diva Pro (Ronda da Coruña, 58) - Tfn.: 981 93 76 65

“Ao principio ninguén apostaba por Diva Pro e xa levo catro anos”



Emma Sanmartín facéndolle as uñas a unha cliente. /Foto: Cerne

- **Que repaso fas por estes catro anos?**

- **Emma Sanmartín (E.S):** Pois se me remonto aos primeiros momentos recordo que ninguén apostaba porque isto fora funcionar. Eran moitas as voces que dicían que este soño me ía durar pouco e catro anos despois podo dicir que se equivocaban. Todo empezou como unha paixón e acabou converténdose no meu oficio. Como é lóxico, ao principio pensei que me ía costar moito levar a diante o negocio pero a verdade é que non podo estar máis contenta do ben que foi todo durante estes anos. De feito, no 2020 cando empezou a pandemia cría que a cousa ía decaer pero equivoqueime porque teño a sorte de poder dicir que non me prexudicaron as circunstancias sanitarias

dos últimos meses.

- **Así e todo, a pandemia fixo cancelar ou adiar moitos eventos previstos para o ano pasado.**

- **(E.M):** Si claro, no 2020 foron moitas as celebracións que se suspenderon e que se están recuperando agora neste verán. No meu caso, ao estar eu soa para atender a toda a clientela non podo coller todo o traballo que me gustaría por falta de tempo.

- **Supúxoche moito cambio adaptarte ás novas medidas de hixiene?**

- **(E.S):** Non moito, Diva Pro é un establecemento no que xa antes había que ter moita limpeza porque estamos traballando co corpo das persoas entón non tiven que mudar moito os meus hábitos. Si é certo que agora aumentei un pouco os mi-


nutos de cada cita para darme tempo a desinfectar ben o lugar de traballo entre unha cliente e outra, ou por exemplo, o feito de ter que estar continuamente limpando no pomo da porta ou o aforo son medidas que antes non había pero a maioría xa formaban parte do meu día a día.

- **Por se hai algún lector ou lectora que aínda non te coñece, cales son os servizos que dades en Diva Pro?**

- **(E.S):** Manicuras e pedicuras semipermanentes e normais; depilacións faciais con fío; lifting e tinte de pestanas; microblading; e por último, láser.

- **O microblading é un servizo que está moi de moda. En que consiste?**

- **(E.S):** Pois é unha técnica semipermanente nas cellas, que pode durar entre un ano e dous. Este tempo varía dependendo do tipo de pel, canto máis madura e menos graxa mellor aguanta. Nesta práctica o que se fai é, mediante raspado, “pintar” na superficie superior da pel das cellas para dar a sensación de maior cantidade de pelo. O microblading emprégano moito persoas con faltas nas cellas e tamén aquelas que van pasar por un proceso de quimioterapia e as van perder. No segundo caso é moi importante consultar primeiro co médico porque hai momentos do tratamento no que non o podes facer. Ademais, outros colectivos nos que está contraindicado é o das embarazadas ou o dos diabéti-



O resultado dunha manicura semipermanente en violeta. /Foto: Cerne

cos, por iso ante a dúbida sempre é mellor consultalo co noso médico.

- **Que peculiaridades ten esta técnica?**

- **(E.S):** Para empezar precisa uns repasos, unha vez ao mes. Logo, moita xente preguntame se é doloroso, algo que é moi complexo de contestar porque hai persoas que me din que non lles doeu nada e outras que moito. Na miña opinión si é un pouco doloroso porque é moi semellante a facerte unha tatuaxe, pero como se soe dicir, “sarna con gusto non pica”.

- **Falando de tratamentos, que nos podes comentar da depilación con fío?**

- **(E.S):** É unha técnica nada agresiva, para realízala empregas un fío de algodón polo que é moi raro que dea algún tipo de reacción na pel. Unha das vantaxes deste tipo de depilación é que ao ir tensando continuamente da mesma maneira sempre che arranca o pelo, nunca cho rompe como pode ser o caso dunha pinza. A min, particularmente, na cara

non me gusta usar nada que non sexa natural porque é un lugar no que a pel é moi sensible.

- **Cal é o servizo máis demandado?**

- **(E.S):** A semipermanente de mans e pes, especialmente de mans. Nos últimos anos cambiou moito o noso hábito en canto a pintar as unllas, antes faciamos a manicura para ir a algún evento ou nun día especial pero non para levar a diario. Isto está dentro dunha tendencia na que a sociedade cada vez se coída máis e lle gusta verse ben por fóra. Ademais, o tema da semipermanente é moito por contaxio, ao mellor persoas que por si soas non virían pintarse as uñas quedan con alguén venllas, gústalles e anímanse a probar a facelas.

- **Para rematar, danos algún consello para lucir unhas mans bonitas este verán.**

- **(E.S):** Agora que estamos continuamente usando o xel hidroalcohólico é imprescindible hidratarnos moito, debemos botarlles crema varias veces ao día.

CASA SANTOS RECIBE A VISITA DO COCIÑEIRO JOSÉ ANDRÉS

“José Andrés achegouse a Casa Santos atraído pola calidade dos produtos locais”



O cociñeiro José Andrés e Santos López, responsable de Casa Santos, diante do establecemento. / Foto: Santos López

Casa Santos é un dos establecementos máis antigos de Melide, xa que data do ano 1974. Ao longo destes corenta e sete anos foron moitos os e as melidenses

que mercaron no negocio da familia Santos os alimentos do día a día. Uns produtos locais e de gran calidade que fan deste ultimarinhas un lugar im-

prescindible que visitar unha vez que chegas á vila. Ademais, Casa Santos está situada en pleno Camiño de Santiago e moi preto do centro melidense, polo que

a súa visibilidade e situación é inmejorable.

O pasado mes de xullo, o responsable de Casa Santos, Santos López Novo, recibiu a visita do coñecido cociñeiro e Premio Princesa de Asturias 2021, José Ramón Andrés Puerta. O dúas estrelas Michelin estaba a realizar por terceira vez o Camiño de Santiago e no momento de pisar Melide, non dubidou en achegarse a coñecer Casa Santos “atraído pola calidade dos produtos galegos artesáns que vendemos”, comenta López Novo nunhas declaracións para o Cerne.

Unha importante visita na que o cociñeiro tivo a oportunidade de coñecer distintos artigos da gastronomía tradicional galega como pode ser, por exemplo, o queixo da nabiza un dos “grandes produtos gourmet da nosa cociña”, afirma o propietario de Casa Santos. Neste encontro, o comerciante melidense e José Andrés tiveron

ocasión de falar de gastronomía, un dos temas fortes que teñen os dous en común, aínda que dende perspectivas diferentes.

Ademais, esta visita apórtalle a Casa Santos unha boa dose de “prestixio e promoción, como a que lle dá José Andrés á coñecida marca ‘Alimentos de España’ coa campaña ‘O País máis rico do mundo’”. Ao longo destas últimas etapas do Camiño cara Compostela, o famoso cociñeiro tamén se achegou a outros establecementos como a ‘Casa Nené’ en Arzúa, onde tipo a oportunidade de probar as especialidades deste restaurante.

Este acontecemento é unha mostra máis da visibilidade e promoción que as e os peregrinos, sexan ou non famosos, proporcionan ao municipio melidense e aos seus comercios de proximidade, onde atopan a máxima calidade e un trato totalmente personalizado, de cara ao exterior.

Tchin Tchin
ESPECIAL PROGRESIVOS

TU 2º PAR
DE GAFAS PROGRESIVAS
POR 1€ MÁS*

*De lejos y de cerca,
¡veo perfecto!*

*Oferta válida del 01/01/2021 al 31/12/2021 en todas las ópticas AFFLELOU de España y Aragón. Ver condiciones en afflelou.es

C/ RONDA DE CORUÑA, 16 · MELIDE (E-15-001258)
981 50 60 97

ALAIN AFFLELOU
Descubre más en afflelou.es

A Escola de Idiomas en perigo de desaparecer por falta de alumnado



A sede da Escola de Idiomas en Melide. /Foto de arquivo

A Escola de Idiomas da comarca está en perigo de desaparecer por falta de alumnado para o vindeiro curso 2021-2022.

No mes de xullo o Consello Escolar do IES de Melide remitiu un escrito á Xefatura Territorial de Educación para reclamar que o servizo de Escola de Idiomas seguira dispoñible na vila, dado que é unha fonte de oportunidade para o alumnado do rural. Como resposta ao escrito, o inspector do centro educativo

informou á dirección do centro de que seguiría habendo sede da Escola de Idiomas, sempre é cando se consiga cubrir a cota de oito alumnos e alumnas. Neste momento, non están cubertas as oito prazas, que é o mínimo de persoas por nivel educativo para non pechar a aula da Escola de Idiomas nun centro educativo do rural.

Dada a complexa situación, dende a dirección do IES de Melide animan á poboación interesada en

aprender inglés se anotesen dubidalo á Escola de Idiomas no prazo de apertura de matrícula no mes de setembro.

Para as persoas interesadas en consultar máis información poden chamar dende o 1 de setembro ao 604 029 498 de luns a venres en horario de 10:30 a 13:30 horas, tamén no correo electrónico eoi.coruna.melide@edu.xunta.es ou no departamento do persoal de conserxería do IES da comarca.

O Concello publica a lista de admitidos ao Servizo de Madrugadores



O día da presentación do servizo de madrugadores. /Foto: C. Melide

O Concello de Melide vén de publicar a lista de admitidos ao Servizo de Madrugadores que se poñerá en marcha co inicio do curso escolar.

Por centros educativos, do CEIP N°1 serán trece os alumnos que desfrutarán do servizo, do Martagona tres e do Mestre Pastor Barral oito. A lista pódese consultar no tablón de anuncios e nas redes sociais do Concello. Ao longo do curso poderanse ir anotando máis nenos e nenas

no rexistro da administración municipal que queiran adherirse á actividade.

O servizo de madrugadores é unha iniciativa que lanzou a Consellería de Igualdade e a da Educación para axudar á conciliación dos pais e nais melidenses.

Durante o período lectivo haberá dúas modalidades do servizo: con ou sen almuerzo, dependendo da modalidade terá un prezo ou outro. Ademais, os cativos e cativas realizarán actividades de ocio.



Véndese leña picada de carballo

Santa María de MELIDE

636 866 996



HASTA 31/08/2021 AHÓRRATE **500€** DE DESCUENTO EN TU COCINA

*Consulta condiciones

ESCANEA NUESTRO CATÁLOGO OFERTAS 2021



GN GRUPO NOGUEROL
COCINA Y BAÑO

HASTA 31/08/2021 TE REGALAMOS EL **10%** DE LA REFORMA DE TU BAÑO, CANJEABLE EN COCINA Y BAÑO O FERRETERÍA Y FONTANERÍA

*Consulta condiciones

Rúa Convento nº28, 15800 Melide (A Coruña) | www.gruponoguerol.com | 981 50 77 00 o 601 64 26 43

SABER DE LEI



Os delito de odio



Ana Mato Salgado
Avogada

Tfn.: 671 833 425
Rúa Xesús Carro, Nº15-2º
(Melide)

Nas últimas décadas en España rexistráronse máis dun centenar de asasinatos perpetrados por motivos de odio. No primeiro semestre do ano a Policía de Galicia e a Garda Civil recibiron unhas 610 denuncias por delitos de odio, un incremento dun 9,3% máis que no mesmo período de 2019. A pandemia sanitaria que estamos atravesando pode que teña que ver con isto.

Os delitos de odio son unha infracción penal motivada por prexuízos contra unha ou varias persoas polo feito de pertencer a un determinado grupo social. Este delito cometido con ocasión do exercicio dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas garantidos pola Constitución e regulados no artigo 510 C.P, no que se di expresamente;

“Serán castigados con pena de cadea de un a catro anos e multa de seis a doce meses;

a) quen publicamente fomente, promova ou incite directa ou indirectamente ao odio, hostilidade, discriminación ou violencia contra un grupo, unha parte do mesmo ou contra unha persoa determinada por razón da súa pertenza a aquel, por motivos racistas, antisemitas ou outros referentes a ideoloxía, relixión ou crenza, situacións familiares, pertenza a unha etnia, raza ou nación, a súa orixe nacional, sexo por razóns de xénero, enfermidade ou discapacidade.

b) quen produza, elabore, posúa coa finalidade de distribuír, faciliten a terceiras persoas o acceso, a distribución, difusión ou venda, escritos ou calquera outra clase de material ou soportes que por o seu contido sexan idóneos para fomentar, promover ou incitar directa ou indirectamente ao odio, hostilidade, discriminación ou violencia contra un grupo, unha parte do mesmo ou contra unha persoa determinada por razón da súa pertenza a aquel, por motivos racistas, anti semitas ou outros referentes á ideoloxía, relixión ou crenzas, situación familiar, a pertenza dos seus membros a unha etnia, raza ou nación, a súa orixe nacional, sexo...

c) Publicamente negue, trivalice gravemente ou enalteza aos seus autores.

O obxectivo principal é protexer os dereitos fundamentais e a liberdade de certos colectivos de persoas que tradicionalmente foron discriminadas e se encontran nunha situación de desigualdade.

O suxeito pasivo deste delito debe ser unha persoa ou grupo de persoas que posúan unha característica común en relación coa: raza, ideoloxía, relixión ou crenzas, cor de pel, idioma, nacionalidade, orientación sexual, discapacidade física ou intelectual e xénero ou idade. Os tres máis comúns nos que levamos de ano son: racismo-xenofobia, ideoloxía e orientación sexual. Un dos medios nos que máis se producen este tipo de delitos é por internet, o coñecido como ciberodio. Como medidas para abordalo temos: reforzar o nivel de formación en material de igualdade e non discriminación dos corpos policiais e xudiciais, mellorar a investigación, estimular denuncias e ofrecer unha boa atención ás vítimas, reforzar a resposta institucional fronte aos actos públicos convocados por internet para propagar o discurso do odio, xerar contras narrativas nas redes sociais e un debate público para as transformacións sociais, e por último fomentar a sensibilización cidadá mediante campañas contra o extremismo.

Seguramente, ler este artigo nos leve directamente ao acontecido na cidade da Coruña a comezos de xullo deste ano, no que un grupo de mozos agreden a outro ata provocarlle a morte. Sen aínda quedar probado se foi unha agresión homófoba motivada polo tanto por razóns de odio ou non, as consecuencias xurídicas serán moi diferentes, xa que o delito polo que serán castigados, ben sexa finalmente por homicidio ou asasinato, en caso de probarse que o motivo foi a condición sexual da vítima converteríase nun agravante.

ESTE MES LATEXO LOGOPEDIA
CÓNTACHE...”



A IMPORTANCIA DA ÉTICA PROFESIONAL EN LOGOPEDIA



Cristina Fernández Barros
Nº col. 15/0099

As profesionais que traballen en calquera ámbito que afecte á saúde das persoas deben cumprir unha serie de requisitos, e as logopedas non iamos ser menos.

Unha logopeda, para poder exercer como tal, debe ter os estudos xerais que corresponden por lei (diplomatura ou grao en logopedia ou habilitación con carreira sanitaria previa á instauración da titulación universitaria propia). Ademais, unha vez remata os seus estudos, debe estar colexiada para exercer a profesión, posto que en Galicia é obrigatoria a colexiación. Isto, ademais de garantir que a persoa cursou os estudos obrigatorios para a súa profesión (ou ten concedida a habilitación para o exercicio da profesión), ten un seguro de responsabilidade civil que cubrirá calquera tipo de incidencia que poida acontecer na consulta.

O centro no que se exerza a profesión debe ter un permiso de centro sanitario que avale o cumprimento das características necesarias para levar a cabo as intervencións cos pacientes e, cando se comece un proceso de valoración, deberá entregar un formulario de LOPD (Lei Oficial de Protección de Datos) que especifique a forma na que se xestionarán os datos que se lle entreguen á logopeda, para evitar desta maneira a súa difusión ou cesión a outros profesionais sen autorización das persoas usuarias.

Aínda que as logopedas non temos un código escrito deontolóxico como tal, hai unha serie de regras tácitas que creo que compartimos todas as compañeiras de profesión. A primeira é o respecto cara ao traballo das nosas compañeiras, de maneira que ningunha de nós

debería facer un xuízo de valor sobre o traballo doutra, sen coñecela e por simples referencias. Aínda tendo diante un informe do traballo a realizar paréceme arriscado xulgar ou non a conveniencia do enfoque adoptado por unha compañeira, posto que cada persoa conta cunha metodoloxía, coa que podemos estar ou non de acordo pero será tan válida como a propia, sempre e cando estea baseada na práctica clínica e na evidencia científica.

Por outro lado, as logopedas deben facer a rehabilitación de calquera das capacidades alteradas, no idioma nativo da persoa usuaria, aínda que non sexa o seu propio. Polo tanto deberá ter dominio tanto do galego como do castelán na nosa comunidade para facer as intervencións requiridas. Non quere dicir que non se vaia traballar a

segunda lingua pero tanto a valoración como a intervención debe comezarse polo idioma no que máis fale a persoa usuaria.

Por último, pero non menos importante, as logopedas deben ter unha certa constancia na súa formación para poder dar o mellor de si mesmas nas intervencións e estar actualizadas en canto a técnicas, estudos, etc. As demandas do mercado laboral non sempre permiten unha especialización pechada pero o ideal é que se tente conseguir unha especialización da profesión en canto ás patoloxías atendidas e de derivación entre compañeiras dos casos que non sexan da nosa especialidade para dar unha atención máis precisa e efectiva ás nosas pacientes.

Teléfono:
642 007 210

latexo
logopedia

Rúa Rosalía de
Castro, 3 Melide

A administración local licita as obras de melloras no Polígono e San Cibrao



Visita aérea do Polígono Industrial de Melide. /Foto de arquivo

A administración local saca a licitación diversas actuacións de mellora no Polígono Industrial da Madanela e no acceso ás explotacións agropecuarias situadas na parroquia de San Cibrao.

Neste proxecto destacan as actuacións que se van realizar no Polígono da Madanela, onde se modificarán as rotondas actuais para adaptalas ás necesidades dos vehículos pesados que a miúdo se atopan con dificultades na circulación das mesmas.

Ademais, neste mesmo polígono tamén se reparará o firme das rúas que presentan deficiencias. Estes traballos supoñen un investimento de 88.414,93 euros, dos cales 73.731,44 proceden dunha subvención da Consellería de Economía, Innovación e Empresa. As empresas interesadas en presentar as súas ofertas poden facelo ata o 10 de agosto.

Por outra banda, as obras de mellora e arranxo do acceso ás granxas agropecua-

rias da parroquia de San Cibrao contarán cun investimento total de 69.416,07 euros, unha contía encadrada dentro do Plan de Mellora de Camiños Municipais 2021 - 2022 da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. As empresas teñen ata o 13 deste mes para presentar as súas propostas.

Dúas actuacións relacionadas con mellorar para o tecido empresarial localizado en diferentes puntos do municipio.

A Oficina Móbil do Peregrino instalouse en Santa María



Na presentación da Oficina Móbil de Atención ao Peregrino. /Foto: C. Melide

A Oficina Móbil de Atención ao Peregrino instalouse na parroquia de Santa María. Este punto de información servirá para dar unha atención máis próxima e efectiva aos camiñantes, dado que participan diversos axentes de varios países como Francia, Portugal e Italia.

A Oficina Móbil de Atención ao peregrino foi presentada nun acto celebrado o 28 de xullo presidido pola subdelegada do goberno na Coruña, María Rivas López.

Nesta presentación, Rivas informou de que “neste ano retómase a colaboración con corpos de seguridade doutros países que foi interrompida en 2020 por mor da pandemia”. Durante os meses de xullo e agosto haberá 27 efectivos de seguridade ao longo do Camiño Francés.

A este acto tamén acudiron o alcalde, José Manuel Pérez, o tenente alcalde, José Antonio Prado, e o concelleiro de seguridade cidadá, Xosé Igrexas.

O Centro de Saúde recupera a atención pediátrica dous días á semana grazas ás queixas da veciñanza



O novo Centro de Saúde no que dan o servizo pediátrico. / Foto de arquivo

Decenas de pais e nais de nenos e nenas en idade pediátrica denunciaron a falta de servizo durante o período de vacacións do profesional titular do servizo de pediatría. Logo dunha cam-

paña de recollida de firmas e de que o Concello da vila emitise un escrito á Consellería de Sanidade solicitando manter a cobertura pediátrica. Nesta solicitude formal a administración lo-

cal destacou que “a sanidade pública é un servizo imprescindible, básico e necesario para o benestar da nosa veciñanza”.

Grazas á presión social, o Centro de Saúde melidense conta con atención pediátrica os días á semana en horario de tarde. No momento de incorporación do profesional titular retomárase o servizo en horas de mañá.

A Xunta de Galicia escuda a falta deste servizo diario coa “falta de especialistas dispoñibles para contratacións e substitucións”, o feito de non ter pediatra en Melide implicaba que as familias dos menores de tres anos tiveran que trasladarse ata o Centro de Saúde do Pino para ser atendidos.

O equipo de Goberno local cuestiona o apoio do GDR a un proxecto da popular Dalia García

Os partidos que forman o equipo de goberno melidense, Adiante Melide e o PSDG - PSOE, emitiron a pasada semana un comunicado no que criticaban que o Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla Tambre - Mandeo apoiara un proxecto persoal da exalcaldesa Dalia García Couso.

A redacción da voceira do Partido Popular obtivo a máxima puntuación na entidade de desenvolvemento rural, do cal García é a actual secretaria.

Os partidos ao mando da administración local fan fincapé en que os cargos de presidente, vicepresidentes, e tesoureiro son alcaldes do PP na comarca. A proposta

sometida a votación, da cal ela se abstivo, era a rehabilitación da Casa do Crego nunha parroquia Toques para a construción dunha pensión en pleno Camiño de Santiago.

Dalia García, emitiu un comunicado aos medios de comunicación nos que afirma que non está exercendo ningún cargo retribuído na administración pública e que a cuestión da polémica é algo “totalmente persoal”, destacando que “non vou permitir que ningún mercadé coa miña vida privada”. Ademais, a portavoz do PP advirte, “os actuais responsables municipais están inmersos en demasiadas irregularidades”.

“O PP local solicítalle ao goberno a restauración do antigo centro de saúde”



As instalacións do antigo Centro de Saúde de Melide. /Foto: Cerne

O Partido Popular melidense solicítalle ao goberno local que invista o Plan de Obras e Servizos adicional que aporta neste ano a Deputación da Coruña para a restauración integral do antigo centro de saúde, espazo de titularidade municipal que dende finais de xuño (data da posta en funcionamento do novo Centro de Saúde) está sen uso.

Os populares de Melide sinalan que as instalacións

teñen un “enorme potencial” e que contan con ideas que están dispostos a compartir co equipo ao mando do Concello, ao que acusan de ter “ausencia total de políticas públicas de interese local”. De feito, a voceira do Partido Popular na vila, Dalia García, afirma que é “imprescindible que sexamos capaces de ver as necesidades que posúe Melide” e fai fincapé en que agora “é o momento para construír

un espazo amplo e dinámico aproveitando a propiedade do antigo centro de saúde”.

Unha vez remitida a información, dende a oposición melidense esperan que a súa proposta sexa recollida polo goberno municipal.

Unha solicitude que, polo momento, non obtivo resposta por parte do bipartito local do goberno, formado polo PSDG -PSOE e Adiante Melide.

O Concello recibe unha axuda de 5.700 euros para promocionar o uso do galego



A sede do Concello de Melide na prazo do Convento./Foto: Concello

O Concello de Melide recibiu, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, unha subvención de 5.702,20 euros para a promoción do uso da lingua galega dende as entidades municipais.

Ao abeiro destas axudas, os Concellos poderán sufragar os gastos derivados da creación, do reforzamento e do mantemento de unidades técnicas especializadas

en lingua galega, así como da programación de actividades coas que dinamizar o idioma dende o tecido local. Os ámbitos estratéxicos de actuación que se priorizan son: o deporte, a mocidade, as TIC, o eido económico empresarial, os servizos sociais e a perspectiva de xénero e igualdade.

En total foron 85 os Concellos de toda Galicia que se viron beneficiados desta liña de subvencións.

Os vehículos terán limitada a circulación no casco antigo da vila para favorecer o tránsito de viandantes



Un dos sinais que informan da limitación de circulación. / Foto: C. Melide

Dende o 30 de xullo o Concello de Melide limita a circulación de vehículos en varias rúas do casco antigo para favorecer o tránsito de

viandantes. Con esta medida, parte das rúas históricas da vila e tamén máis transitadas, quedan para uso exclusivo de viandantes

e vehículos de residentes, carga e descarga, e autorizados como ambulancias, bombeiros ou corpos de seguridade; dentro deste último grupo inclúese o tránsito preciso para realizar e favorecer o mercado de alimentación dos domingos, situado no casco antigo melidense. As rúas afectadas son: San Pedro, Doutor Alberto Lafuente, Ichoas, Principal e a da Moa.

O goberno municipal con esta e outras medidas que se irán realizando co paso dos meses, teñen como obxectivo “poñer en valor unha zona que conta con gran variedade de valores históricos, culturais, sociais e urbanísticos, favorecendo

o desenvolvemento económico dos negocios localizados na zona e o propio turismo”. Entre as medidas a implantar destaca o arranxo da rúa de San Pedro, para mellorar a seguridade dos viandantes, obra que xa está en proceso de adjudicación.

Un cambio do sistema urbanístico que se está espallando polas distintas vilas e cidades do mundo, ás que agora se une Melide. Este modelo de urbanismo, no que se lle presta máis atención aos peóns, será implantado en máis zonas do municipio.

Para informar destes cambios na circulación á veciñanza e visitantes, o Concello instalou diferentes sinais preto das zonas e tramos nos que se reduciu o tráfico rodado.

Detéctanse dous casos positivos no cribado de Melide

A tarde do pasado mércores 4 de agosto, no Centro de Saúde, realizouse un cribado de test de antixenos na localidade entre persoas de 16 a 29 anos para detectar posibles casos asintomáticos no que detectaron dous casos positivos..

Ante o aumento de casos nas últimas semanas rexistrado na vila, chegando a ter ata preto de noventa casos, o Concello solicitoulle ao Sergas a realización dun cribado poboacional entre a mocidade melidense. A pesares dos bos resultados no cribado, o municipio segue en risco alto, polo que as restricións e limitacións seguen a ser as mesmas que nestas últimas semanas.

Boa acollida do demandado Programa de Vivendas Sociais de Santiso



Fotografía da Casa do Concello en Santiso. /Foto de arquivo

O Concello de Santiso crea o Programa de Vivendas sociais que a poboación recibe cunha boa acollida.

As vivendas que forman parte deste programa son construcións rehabilitadas de titulariedade municipal que serán destinadas a alu- gueiro social. Os requisitos das persoas demandantes de vivenda son: ter ingresos entre 1 e 2,5 veces o IPREM; con carácter xeral a renda que debe pagar a persoa inquilina non debe ser superior ao 30% dos

seus ingresos; e a ou o solici- tante non debe ter ningún membro na unidade de convivencia cunha vivenda en propiedade, agás que non dispoña do seu uso e desfrute ou se trate dunha vivenda inadecuada.

Entre os colectivos prio- ritarios para alugar as vi- vendas sociais están familias ou unidades de convivencia: afectadas por procedementos de execu- ción hipotecaria; inmersas nun proceso xudicial de de- safiuzamento; con fillos

menores, familias numero- sas e monoparentais; nas que existan mulleres víti- mas de violencia de xénero ou persoas maiores de 65 , con dependencia ou dife- rentes capacidades superio- res ao 33%.

Unha iniciativa na que o Concello de Santiso levaba tempo traballando para sa- car adiante e poder darlle un uso social ás vivendas de titulariedade local e tamén afianzar así nova veciñanza para as diferentes parro- quias da localidade.

A oficina de turismo abre as súas portas de novo na Ponte de Arcediago



O hórreo de Quinzán un dos elementos de promoción turística./Foto: C. S

A oficina de turismo do Concello de Santiso, coa súa sede na Ponte de Arcediago, abre de novo as súas portas durante a época estival, en horario de mañá de luns a venres dende as 9:00 ata as 14:00 horas.

Esta sede de promoción do turismo volve abrir este ano durante os meses de verán fisicamente e tamén

de xeito virtual a través do Instagram, correo electróni- co turismo@santiso.gal e Facebook.

Dende a administración local queren amosarlle á veciñanza doutros munici- pios que Santiso ten moito que ver e coñecer, polo que achegarse ata esta pequena vila do rural galego sempre é un acerto.

Augas de Galicia subvenciona catro proxectos de abastecemento e saneamento na comarca



Para da depuradora de Melide. / Foto de arquivo

A Consellería de Infraes- tructuras e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, aproba unha axuda para apoiar aos municipios con menos poboación, igual ou inferior a 5.000 habitantes,

na execución de obras de abastecemento, sanea- mento e depuración, á que destina un investimento total que rolda os 4 millóns de euros.

Os concellos de Toques,

Santiso e Sobrado son tres dos sete municipios benefi- ciados por esta liña de axu- das.

No caso de Toques, reci- birán 41.080,80 euros para as obras de mellora no abastecemento na Capela; no caso de Sobrado a axuda será de 50.000 euros para o proxecto de abastecemento en Dombrete; por último, Santiso recibirá, por unha banda, 18.363, 41 euros para a mellora do abastece- mento da antiga escola da Penaposta (na parroquia de Belmil) e 17.896,72 euros para a mellora da rede de saneamento en Visantoña.

Augas de Galicia lanza es- tas axudas aos concellos para que melloren o funcio- namento dos servizos de auga municipais.



Rememoremos **Ó 13**

VENRES 13 DE AGOSTO

FEIRA EN AS CRUCES (SOBRADO)

2021

Queixo artesán - Productos da horta

Polbo á feira - Froita - Embutidos...

CONCELLO DE **SOBRADO** ORGANIZA: *Veciños de As Cruces*

III
mercamelide
m
no Camiño

13-14-15 AGOSTO²⁰²¹



FEIRA DE OPORTUNIDADES

FOGAR | MOBLE | DECORACIÓN | MODA | COMPLEMENTOS
CALZADO | MERCERÍA | DEPORTES | BELEZA | SEGUROS | TECNOLOXÍA

VENRES 13
AGOSTO²¹

TARDE
de 18:00 horas
a 22:00 horas

concerto
XABIER DÍAZ
& ADUFEIRAS
DE SALITRE

na APARCADOIRO
DETRÁS DA CAPELA
DE SAN ROQUE
ÁS 22:00 HORAS

SÁBADO 14
AGOSTO²¹

MAÑÁ
de 11:00 horas
a 14:00 horas

TARDE
de 18:00 horas
a 22:00 horas

concerto
A BANDA DA LOBA
na PRAZA DO CONVENTO
ÁS 22:00 HORAS

DOMINGO 15
AGOSTO²¹

MAÑÁ
de 11:00 horas
a 14:00 horas

concerto
GARUFA BLUE
DEVILS BIG BAND
na APARCADOIRO
DETRÁS DA CAPELA
DE SAN ROQUE
ÁS 22:00 HORAS

Mercería
Isabel



Rúa de Ovedo, 3 - Melide
Teléfono: 981 50 52 56

f Síguenos en **Facebook** *Mercería Isabel*
www.merceriaisabel.com

óptica melide

Rúa do Convento, 17 - MELIDE
Tel. 981 505 467



Rúa do Convento, 36, Melide - 981 50 63 66
Cantón San Roque, 46, Melide - 655 05 80 33

PUNTO ROXO
ata o 31 agosto
ata un **60%** dto.

MOBLES ARES

Ronda da Coruña, 62
Rua Florentino López Cuevillas, 12
15800 - Melide (A Coruña)

Telf: 981.50.55.64



ABERTO OS DOMINGOS DE 10:00 H A 14:00 H

ARRINCADEIRA AGOSTO 2021

Domingo 8 agosto - 13:00 horas
Casa Modesto, Villamor
Charanga Santa Compañía

Sábado 14 agosto - Tarde/Noitiña
Bar da piscina, Souto
Casanova DJ

Sábado 21 agosto - 13:00 horas
Bar Carburo - Villamor
Dúo Son Latino

Sábado 28 agosto - 13:00 horas
Restaurante Xaneiro
Trio Orquídea

Organiza



Concello de
TOQUES



Á parte da carta habitual temos
pratos especiais **TODOS OS DÍAS**



Casa
alongos

“COCINA con CORAZÓN”

- Reservas, presupostos para grupos,
configuración personalizada do teu menú
- Chámanos ou tamén por enderezo electrónico

Camiño Vello de Santiago (MELIDE)

www.casaalongos.com / info@casaalongos.com

Tfno.: 981 506 392 - Móviles.: 619 229 334 / 686 312 851

MÁS DE 50 FORMACIONES



Escala 5.9

Espectáculos

MIGUEL 609 923 888


TANIA Oficina 689 828 339

Rúa Galicia 26 baixo izda. MELIDE

DISPONIBLE SERVICIO DE
GENERADORES Y DE
ESCENARIOS MÓVILES,



PROGRAMACIÓN ADAPTADA A PROTOCOLO COVID-19



O gaiteiro Suso Ascariz recorre Galicia para presentar o seu libro

O gaiteiro da comarca Suso Ascariz recorre o territorio galego para presentar o seu libro, 'A gaita na Terra de Melide'.

Ao longo dos meses de verán, Suso Ascariz está visitando diversas vilas galegas para falar da súa publicación sobre a gaita nas terras do medio. Neste percorrido pasou polo Festival Intercéltico do Morrazo (en Moaña), onde o gaiteiro tivo un espazo para expoñer o seu traballo e incluso interpretar unha das catro muñeiras do CD, incluído no libro.

Na xira de presentación da publicación de Ascariz, o músico tivo oco para pasar por Melide e Sobrado dos Monxes, vilas nas que deceas de veciños e veciñas, así como visitantes acudiron a coñecer de xeito máis persoal a creación literaria de Ascariz. Un libro



Suso Ascariz na presentación do libro en Moaña. / Foto: A. G. T de Melide

no que con contido inédito sobre a música tradicional nas terras do medio como fotografías e partituras. Unha aposta pola divulgación da nosa tradición.

As persoas interesadas en coñecer a historia da gaita na comarca no século

XX poden conseguir o libro pódeno facer nas librerías melidenses de Parrado, Cousas e Victorio, ou ben a través do Facebook de A Gaita na Terra de Melide ou a través do correo electrónico agaitanaterademelide@gmail.com.

A Viñoteca Ribeira acolle unha exposición de arte



Un dos cadros de Abel Barandela. /Foto: Abel Barandela

O establecemento asociado, Viñoteca Ribeira acolle unha exposición de pintura e escultura ata o vindeiro sete de setembro.

Nesta mostra dos autores Margot García Liñeira, en escultura, e Abel Barandela, en pintura con viño expoñen os seus traballos para que a veciñanza e turistas que se acheguen ata Melide coñezan as súas obras.

A entrada para ver a exposición é de balde e tampouco é preciso mercar nada na viñoteca para desfrutar dela. O horario será de luns a venres de 11:00 a 14:00 horas, e pola tarde de 17:00 a 20:00 horas, e o sábado só de mañá de 11:00 a 14:00 horas. Unha oportunidade para consumir arte no municipio durante o mes de agosto.

PUNTOS DE VENDA

LIBRARÍA PARRADO (Melide)

LIBRARÍA VICTORIO (Melide)

LIBRARÍA COUSAS (Melide)

TAMÉN EN

www.facebook.com/agaitanaterademelide.com

agaitanaterademelide@gmail.com



O 4 de setembro celébrase a oitava edición de “Os 21 do Camiño”

O vindeiro sábado 4 de setembro ás 18:00 horas celébrase a oitava edición da media maratón “Os 21 do Camiño”. Unha carreira de 21 quilómetros que vai, na súa maioría, a través do Camiño de Santiago, co punto de partida no municipio de Palas de Rei para rematar en Melide.

Logo da suspensión da celebración da media maratón o ano pasado por mor das circunstancias sanitarias, nesta edición haberá vinte e sete participantes máis que nas pasadas ocasións. Un aumento ocasional por mor dun erro tecnolóxico durante a reapertura das inscricións devoltas do 2020.

“Os 21 do Camiño” celebran este 2021 unha edición moi especial, xa que esta carreira ten unha forte vinculación co Camiño de Santiago é este ano e Xaco-



Fotografía da saída da carreira “Os 21 do Camiño” de 2019. /Foto de arquivo

beo. Ademais, en marzo do 2020 “Os 21 do Camiño” saía na segunda posición da lista dos eventos de running mellor valorados polos seus participantes, todo un motivo de orgullo e lelicia para a organización. Esta carreira nacía en 2013 da

man da Asociación Deportiva Cerne, co obxectivo de crear unha carreira na que os corredores se sentiran gañadores dende o mesmo momento da súa inscrición, algo que a xulgar pola valoración dos participantes está claro que conseguiron.

As xornadas de limpeza do Río Furelos xa teñen data



28 de Agosto
4 e 11 de Setembro 2021

XVI Xornadas de Limpeza do Río Furelos e Afluentes

Estado de ALARMA

Pandemia COVID-19

DALLE VIDA AO RÍO

Estado de ALARMA

So téis que traer unhas botas, o resto poñémolo nós

Apuntarse en Tf 696607348
www.riofurelos.es
Facebook: troiteirosfurelos

Xuntanza na praia fluvial as 9.00 h da mañá

Subvencionada

DEPUTACION DA CORUÑA

Colaboran

XANTO DE GELICIA

CONCELLO DE MELIDE

Miguel Ángel

Trueira

la Caixa

O cartel das xornadas de limpeza do río deste ano. /Foto: A. T. R. F

Un ano máis, a Asociación de Troiteiros do Río Furelos celebra varias xornadas de limpeza para quitar o lixo que ao longo do ano se acumula no Furelos e nos seus afluentes.

Os días fixados para realizar a limpeza dos ríos melidenses serán: os sábados, 24 de agosto e 4 e 11 de setembro. Para acudir a esta solidaria actividade só é preciso anotarse no

teléfono 696 60 73 48 e levar as botas de goma, o resto pono a asociación. Para máis información ou resolver algunha dúbida pódese facer a través do Facebook dos Troiteiros do Río de Furelos ou na páxina web www.riofurelos.es. Unha oportunidade de axudar a coidar o noso entorno e natureza. Lembremos que o río non é un vertedoiro.

O Forno dos Mouros



O dolmen Forno dos Mouros en Toques, no monte do Bocelo. / Foto de arquivo

O dolmen Forno dos Mouros está situado na aldea de A Muroxosa no concello de Toques, xunto ao coñecido como Camiño Real, no monte do Bocelo está localizado a unha altura de 713 metros.

Este é un dos dólmesn mellor conservados do territorio galego. A serra do Bocelo (localizada entre Melide e Toques) é un espazo con no que se atoparon múltiples restos megalíticos, de feito, nesta

zona hai catalogadas trinta e dúas mámoas ou túmulos, boa mostra da riqueza patrimonial deste recuncho.

Esta estrutura megalítica está construída con fins funerarios de tipo colectivo, a cal data do terceiro milenio

antes de cristo. O dolmen ten forma poligonal está formado por unha pesada lousa horizontal facendo de cobertura que está sostida por sete ortostatos (bloques de forma rectangular de pedra con máis altura que grosor).

No interior desta estrutura apareceron restos de pinturas facendo zigzag e dispostas horizontalmente, alterando liñas vermellas con outras de cor negra sobre un fondo branco.

Unha peculiaridade deste

dolmen é o feito de ter un corredor estreito de acceso ao seu interior. Na súa orixe este corredor estaría cuberto e tería paredes de pedra, aínda que actualmente só se conserven algunhas delas nos marxes.

En diferentes actividades de escavación que se realizaron na zona, apareceu diferente material lítico e cerámico, entre o que destaca un vaso campaniforme (con forma de campá) con influencias decorativas vinculadas á Bretaña francesa.



Outra perspectiva do Forno dos Mouros. / Foto de arquivo

α O Museo Terra de Melide, templo das nosas raíces

En ocasións, pensamos que temos que achegarnos ata grandes cidades para ver importantes elementos patrimoniais cando non coñecemos os que temos máis próximos, os que forman parte das nosas raíces e esencia. Un patrimonio que como sociedade non nos preocupamos por coidar nin tampouco protexer, seguramente por falta de sensibilidade, coñecemento e educación. No Museo Terra de Melide temos unha oportunidade de achegarnos ás nosas orixes, ao pasado que permite que hoxe sexamos presente e futuro.

“Temos un problema moi grave na estrutura da Igrexa do Convento de Sancti Spíritus e non hai vontade de amañalo”



Cristina Vázquez, traballadora do Museo Terra de Melide, nunha sala do edificio o día da entrevista. / Foto: Cerne

- A sede do Museo da Terra de Melide é un lugar con moita historia.

- Cristina Vázquez (C.V): Si, o Museo da Terra de Melide foi un Hospital de Peregrinos durante a Idade Media, fundado primeiramente no ano 1375 (século XIV). Temos constancia de que en 1502 realizaron nel unha reforma, da cal non sabemos os motivos. Sancho de Ulloa, o que era tamén nese momento propietario do Castelo de Pambre (situado en Palas de Rei) foi o encargado de reformar o antigo hospital, deste proceso conservamos a porta de entrada e máis os escudos que a flanquean. Hai constancia de que o Hospital de Peregrinos era

moito máis grande do que é o Museo, xa que na actualidade é un edificio moi estreito, porque sabemos que os solares que hai a ambos lados formaban parte do hospital. Como curiosidade, comentar que este centro sanitario só tiña un piso de altura, nel estaba instalada a Panadería do Convento e tiña capacidade para vinte e catro persoas en doce camas. Polo tanto, se había máis dunha decena de peregrinos tiñan que compartir cama, isto hoxe en día chámanos moito a atención pero hai que pensar nas condicións sanitarias e de hixiene da Idade Media. Non obstante, neste hospital eran moi hospitalarios e boa mostra

diso é que a cada paciente que viña lle daban un bolo de pan, un prato de sopa e sabas limpas.

Ademais, sabemos que tiña que haber un libro de rexistro, que aínda non se atopou, porque se localizou un de defuncións. Polo tanto, a lóxica fainos pensar que se recollían o nome de todas as persoas que falecían no hospital tamén rexistrarían os pacientes ao chegar, pero claro, este rexistro non sabemos se o queimaron, se está desaparecido ou incluso nalgún faiado dunha casa. Grazas a esta folla de defuncións pode obter información da cantidade de peregrinos que estiveron hospedados aquí e incluso, ser coñecedores de familias

enteiras que morreron nel.

- Volvendo á actualidade tedes unha relación moi fluída co IES e coas escolas de Melide.

- (C.V): Efectivamente. Este curso estivemos realizando uns roteiros guiados pola vila no que lles explicamos, de maneira moi didáctica, a historia do municipio a través da visita a diferentes lugares. Nós entendemos que para os cativos e cativas pode ser un pouco pesado pasar toda a mañá escoitándome a min contarlles a historia de Melide, entón procuramos facelo dun xeito máis ameno e divertido para eles, para conseguirlo cada alumno ou alumna leva un plano e segundo lle vou explicando cada historia eles e elas teñen que localizar os lugares dos que estamos falando. O noso obxectivo é que o alumnado coñeza Melide a través dunha especie de xogo, para que poida quedarlle máis fixada na memoria a aprendizaxe.

- Como responde o alumnado a este tipo de actividades?

- (C.V): Ben, moi ben. Este ano foi un curso moi complicado para eles, xa que tiveron que anular moitas saídas que tiñas previstas e entón, unha vez que lles das a oportunidade de saír aínda que sexa pola vila tómano con moita máis ilusión. Ademais, a pesar de que poida parecer o contrario, quédanse con moitas das cousas que lles ensinamos porque eu a miúdo atópome con pais que me din que o seu fillo ou filla lle contou a historia sobre tal sitio. Entón, isto é unha mostra de que lle gusta co-

ñecer o pasado do seu municipio.

- Que é o realmente beneficios deste tipo de iniciativas?

- (C.V): Para o Museo a proxección. Unha das cuestións máis importantes dende esta entidade, é que descubran que un museo non é un caixón de xastre onde se gardan cousas do pasado senón que é un centro de coñecemento que ten a súa historia. De feito moitos nenos e nenas descubren que instrumentos que temos aquí tamén os teñen na casa, por exemplo, dos seus avós. Entón, grazas a iso, aprenden a valorar e coidar as cousas que forman parte das nosas raíces e de deixar de relacionar esas cuestión con algo pesado e aburrido. A maiores, os cativos e cativas poden comezar a ter a iniciativa de querer visitar outros museos cando van de viaxe ou de visita a outra cidade.

- Acabades de comezas xa tradicionais rutas guiados do verán. Unha das actividades con máis éxito.

- (C.V): Este ano tivemos que retrasar un pouco o comezo dos roteiros por mor das circunstancias sanitarias nas que está o noso concello pero xa puidemos empezar, iso si, con grupo máis reducidos (de máximo dez persoas) e cumprindo os requisitos de ter PCR negativa realizada 72 horas antes, certificado de vacinación ou xustificante de ter pasado a enfermidade. Con esta actividade queremos ser moi prudentes porque ante a delicada situación actual penso que é o noso deber.



Un dos elementos de Abeancos, a Casa de Don Vicente. / Foto: abeancos.gal

Como ben ti dicías esta actividade é unha das de maior éxito e máis necesarias. Teremos agora durante o verán os itinerarios históricos e logo no outono os nocturnos.

- Dúas andainas que se complementan á perfección.

- (C.V): Exacto. Hai moita xente que primeiro empeza por un, porque lle chama máis a atención, e despois acaba vindo ao outro debido a que quedan con ganas de saber máis. De feito, as dúas rutas están realizadas para complementarse, hai cousas que deixamos no tinteiro dun para resolvelas no seguinte.

- No mes de xullo tiveses no Museo Terra de Melide exposta unha mostra da colección de Abeancos, un dos vosos grandes proxectos. Por que son importantes este tipo de traballos?

- (C.V): Son tan importantes que eu me atrevería a dicir que todas as comarcas galegas deberían ter un proxecto similar a Abeancos porque non é vinculante para impedir nada conforme ás leis de patrimonio. Explícome, que a túa palleira, hórreo ou calquera

outro tipo estrutura que estea metida en Abeancos non significa que vaia vir patrimonio e che impida facer calquera obra. Abeancos simplemente é un catálogo visual para que a xente coñeza que hai moito patrimonio que é moi importante conservalo e coñecelo porque son as raíces que temos. Nós somos hoxe o que somos porque vimos de atrás, por isto é necesarios saber que existe. Este proxecto quere ser tamén a nosa memoria. Nós Abeancos iniciámolo, xunto coa Asociación Melisa, imitando outros modelos existentes noutras comarcas, como por exemplo en Muggardos, onde recollen os lavadoiros públicos da zona, o problema disto é que nós non nos queriamos pechar a un só elemento porque tampouco saberíamos cal escolmar. Nun primeiro momento empezamos fotografando os máis visibles como pazos ou elementos arqueolóxicos pero, pouco a pouco, foinos parecendo imprescindible introducir elementos naturais porque tamén forman parte da paisaxe e da nosa esencia.

- Sabedes se a ferramenta de Abeancos se

emprega tamén fóra do museo?

- (C.V): Si, hoxe en día é unha ferramenta que utilizan nas escolas melidenses como se fose unha enciclopedia virtual.

- Como facedes para chegar aos elementos menos coñecidos?

- (C.V): Pois hai un estudo previo sobre a comarca moi exhaustivo, o que nos serviu de fío do que tirar. Outros atopámoslos moitas veces de casualidade porque imos fotografar un elemento e de súpeto aparece preto de alí outro, ou incluso un veciño da parroquia nos di onde atopar outro elemento similar.

- Entón tamén hai colaboración da cidadanía.

- (C.V): Por suposto. De douscentos elementos que fotografamos ata agora, só houbo dúas persoas que non nos deixaron fotografar. Polo tanto, podemos dicir que a colaboración da cidadanía é plena.

- Agora en agosto será moita a xente que visite Melide, que plan lles propós no museo?

- (C.V): Pois é que visitar o Museo Terra de Melide enteiro pode levar tres ou catro horas. Parece un museo

moi pequeno e estreito, polo que nos pode dar a sensación de velo en quince minutos pero non é así. O plan que eu propoñería sería centrarse en arqueoloxía, porque aínda que parece algo moi difícil de ver para a xente que non coñece este eido, merece a pena xa que no Museo Terra de Melide temos pezas exclusivas. De feito hai dúas, unha punta de lanza e unha pulseira de arqueiro das que só hai tres en toda Galicia. Despois eu recomendo non vir ao museo con medo porque, ás veces, parece que imos a el con moito reparo e debería ser todo o contrario, os e as visitantes deste tipo de centros deben acudir para deixarse levar por eles. No caso do Museo de Melide, moitos deles, van facer un percorrido pola súa infancia e por cousas que coñecen, especialmente a xente que é do rural.

- Realmente valoramos e protexemos o noso patrimonio?

- (C.V): Non, realmente non. Temos, por exemplo, un problema moi grave coa Igrexa Parroquial co levamos máis dun ano dándolle voltas. Este xa non só é problema de non coidar o noso

patrimonio senón que pode ser unha catástrofe. A min dáme medo entrar á Igrexa porque en calquera momento cae. Os arcos que terían que ser totalmente cóncavos están facéndose convexos, entón no momento no que unha das pedras do medio faga fricción pode caer todo. O párroco José Manuel foi o primeiro en dar a voz de alarma para ver se nós podíamos facer algo pero non hai forma. Á Igrexa todo o mundo lle ten cariño e se alerta polo seu estado, pero ninguén fai unha mobilización social para intentar buscarlle unha solución. Unha mostra de que a poboación pasa do patrimonio. É moi bonito telo pero se estivera xa coidado por si só. Gústanos moito ir a outras vilas e ver que teñen todo o patrimonio moi bonito e ben coidado pero non nos involucramos. Despois, as administracións tampouco se implican, fai uns días deron de novo unha partida económica para poñer bonito Santiago pero é que Galicia non é so Santiago. Os peregrinos fan case 200 km en Galicia antes de chegar á capital, polo que as vilas polas que pasar son tamén importantes.



O grupo participante no roteiro guiado. / Foto: Museo Terra de Melide

ABERTO
DOMINGOS
ata as 14:00h

CentroComercialAberto
CCA
Melide
ASETEM

todo isto é
Melide

ven coñecernos
esta fin de semana!

comercio

Patrimonio

Gastronomía

MARGARITA VILARIÑO, SAKHO MODA

“Sería bo que se regulara o período de rebaixas para poder traballar nas mesmas condicións que as grandes marcas”

Sakho é un establecemento que naceu das ilusións dunha veciña de Santiso por montar unha tenda de roupa na vila melidense. A decisión do anterior dono de traspasala foi o empuxón que Margarita Vilariño, responsable de Sakho, precisaba para lanzarse a empen-

der no mundo da moda. Neste pequeno comercio podes mercar roupa e complementos con personalidade e para gustos moi diversos. Un lugar no que sentirse coma na casa, no que te aconsellan e buscan a túa comodidade para mercar as mellores prendas.

- Case un ano despois de coller o traspaso da tenda, que valoración fas destes meses?

- Margarita Vilariño (M.V): Podo facer unha valoración totalmente positiva, estou moi contenta co establecemento porque a xente respondeu ben. É certo que traía certa vantaxe, dado que ao ser un traspaso quedeime coa clientela que tiñan os anteriores responsables. Obviamente, estamos pasando por momentos complicados, xa que a pandemia non está axudando nada a vender e hai días nos que te atopas desanimada. Non obstante, en xeral, estou moi feliz e con moitas ganas de seguir adiante para facer as cousas mellor dos que as estou facendo.

- Notaches que o xeito de mercar da túa clientela mudou nos últimos tempos e aposta máis pola compra en liña?

- (M.V): Hai xente que si que prefire comprar a través das redes sociais, pero a gran maioría das persoas que mercan en Sakho habitualmente achéganse sempre ata a tenda física. Á nosa clientela gústalle a proximidade, ver as prendas, probalas e incluso que ti a aconselles. O feito de mercar no pequeno comercio tradúcese, na miña opinión, en comodidade. Os usuarios do establecemento de proximidade saben que se teñen calquera problema co produto que compran van achegarse á tenda e lle van resolver o problema, cousa que nunha gran superficie comercial non o teñen moi seguro ou incluso lles supón un pro-



Margarita Vilariño, responsable de Sakho, na tenda o día da entrevista. / Foto: Cerne

ceso moito máis complexo. O que si vexo que mudou é o feito de que as persoas usan as redes sociais para ver os artigos que tes antes de acudir ao lugar físico.

- Estamos vivindo un momento de transición no mundo da moda.

- (M.V): Totalmente, comezan a vir cousas que rachan drasticamente co anterior. Por exemplo, ata agora a corrente máis seguida de pantalóns era a dos chamados “pitillo”, que son aqueles máis apertados na perna. Pois ben, actualmente, o que está entrando con moita forza son os pantalóns anchos, case de “campá”. Entón, nun primeiro momento parece complexo venderlle este tipo de prendas á xente porque están afeitos a outro tipo de artigos. Nestes casos é unha sorte que a clientela se deixe aconsellar porque ao final anímanse a

probar a roupa e vanse vendo con ela e sentíndose cómodos.

- Os consumidores fixémonos cada vez máis na etiqueta da roupa para comprobar os materiais e lugar de fabricación?

- (M.V): No tocante ao sitio de fabricación das prendas non, a xente ten moi asumido ou interiorizado que a maioría da roupa se cose en Asia, aínda que agora outro punto forte neste eido é a India. Entón, pódese dicir que a clientela non se soe fixar no país de onde vén a roupa. No que si se fixan moito é nos materiais cos que se fan as prendas, estamos nun momento no que apostamos por materiais sostibles e respetuosos co medio ambiente. Esta é unha tendencia que as marcas coñecen ben, polo que a maioría da roupa que nos ensinan nos

catálogos aos comerciantes é feita con este tipo de materiais.

- Cales son agora os materiais máis empregados?

- (M.V): Pois en camisetas, por exemplo, o algodón orgánico é un dos máis comúns. Despois en Sakho tamén traballamos cunha marca de mochilas chamadas Roca que só utilizan plásticos reciclados para a súa elaboración.

- A moda sostible é menos económica?

- (M.V): Si, as prendas feitas con materiais respetuosos co medio ambiente son máis caras. Unha camiseta que non sexa 100% algodón, é dicir, que leve outros compoñentes como o elastano pódese saír en 15 euros; pola contra, unha da mesma marca de 100% algodón orgánico xa che sube o prezo a 25. Obviamente, a calidade non é a mesma

pero como todo, a roupa para que dure tamén hai que coidala.

- Esta tempada de verán como está indo?

- (M.V): Pois estase notando moito o aumento do fluxo de peregrinos, nós que estamos en pleno paso do Camiño de Santiago vémolos a diario. Ademais, estase achegando xente doutros lugares a Melide e entran na tenda para mirar o que hai. Non obstante, isto non se traduce nas vendas, entre que o tempo non acompaña nin anima nada e a situación epidemiolóxica que non acaba de mellorar pois a xente non se lanza a mercar.

- Serías partidaria de regular o período de rebaixas?

- (M.V): Si, totalmente. As rebaixas deberían estar reguladas, tería que haber un tempo determinado para facelas tanto no pequeno comercio como nas grandes áreas. As grandes marcas xogan con moita vantaxe, non estamos en igualdade de condicións nas rebaixas, eles teñen moito máis marxe que nós. Os pequenos acabámonos vendo arrastrados por eles porque se chega a clientela á tenda e ve que aquí non temos rebaixas e nos grandes centros comerciais xa están con elas van acabar deixando de mercar nos pequenos establecementos pola diferenza de prezo. Para min o ideal sería fixar as rebaixas de mediados de xullo a mediados ou finais de agosto.

Sakho

Cantón de San Roque, 11,
15800, Melide
Tif: 660 55 50 28

A pesar de las recientes restricciones en el INSTITUTO DE LA SORDERA, le atendemos exactamente igual que hasta ahora, CUMPLIENDO CON TODAS LAS MEDIDAS DE SEGURIDAD EXIGIDAS POR LAS AUTORIDADES SANITARIAS.



Campaña 2021+



Audífonos inteligentes y prácticamente INVISIBLES

La más avanzada tecnología, NUESTRA ALIADA.

Los audífonos actuales se adaptan a las necesidades de cada persona, son cómodos, efectivos y discretos, prácticamente invisibles, solo usted sabrá que los usa.

LE PERMITIRÁN

- Seguir las conversaciones con normalidad, sin necesidad de que le repitan las palabras.
- Podrá volver hablar por teléfono sin dificultad y comunicarse mejor con las personas de su entorno.
- Disfrutar de sus películas y programas favoritos de la televisión.
- Los nuevos audífonos le permiten escuchar sin esfuerzo, se encontrará más animado.
- Aumentarán su seguridad cuando se desplace por la calle, con la familia, los amigos o al conducir.



Pruébalos un mes en casa SIN COMPROMISO.

Tecnología recargable, se cargan rápidamente y ofrecen un día completo de audición



Revisión total!

Tráiganos sus audífonos se los revisamos y limpiamos GRATUITAMENTE y además le regalamos las pilas nuevas!

UN BLISTER DE 6 PILAS
GRATIS
PARA USTED.



Compromiso de satisfacción total, si no queda satisfecho le devolvemos su dinero.

Reserve cita

📞 648 75 47 61

☎ 981 50 72 87

Ronda da Coruña 34, Bajo. 15800 MELIDE

